



## RESOLUCION REITROAL DO 28 E XULLO DE 2011 SOBRE AVOCACIÓN DE COMPETENCIAS E DELGACION DE SINATURA A FAVOR DE VARIOS ÓRGANOS ADMINISTRATIVOS

Por resolución reitoral do 27 de xullo de 2011 modificouse a resolución reitoral do 25 de xuño de 2010, pola que se determina o número e denominación das vicerreitorías da Universidade, suprimindo determinadas vicerreitorías, modificando a denominación doutras e creando unha nova. Como consecuencia do anterior, producíronse por resolucións reitorais do 27 e 28 de xullo de 2011 os ceses e nomeamentos correspondentes.

A nova estrutura das vicerreitorías da Universidade de Santiago de Compostela, afecta directamente á resolución reitoral do 9 de xullo de 2010 sobre delegación de competencias en determinados órganos universitarios (DOG 6-8-2010), polo que é preciso a súa modificación. Non obstante, a necesidade de garantir a eficacia e celeridade na tramitación e resolución de asuntos, fai necesaria a distribución da sinatura dos actos e acordos mediante unha delegación de sinatura, conforme ó art. 16 da Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, delegación que manterase en vigor mentres non se publique a citada modificación da delegación de competencias aprobada con data de 9 de xullo de 2010.

Por todo o anterior, esta Reitoría resolve:

1. Avocar as competencias da vicerreitora de Estudos de Grao e Posgrao, do vicerreitor de Extensión Universitaria, Cultura e Sociedade, da Vicerreitora adxunta de Estudos de Grao e Posgrao establecidas na resolución reitoral do 9 de xullo de 2010 sobre delegación de competencias en determinados órganos universitarios (DOG 6-8-2010), de conformidade co art. 14 da Lei 307/1992 e disposición 18 da antedita resolución reitoral.
2. Outorgar unha delegación de sinatura temporal das resolución e actos administrativos relativos as competencias que na resolución reitoral do 9 de xullo de 2010, figuran delegadas en favor da Vicerreitora de Estudos de Grao e Posgrao, do Vicerreitor de Extensión Universitaria, Cultura e Sociedade, da Vicerreitora adxunta de Estudos de Grao e Posgrao, da Vicerreitora de Persoal Docente e investigador e do Vicerreitor de Estudantes e Formación Continua do seguinte xeito:
  - A sinatura das resolucións e actos administrativos sobre as competencias da Vicerreitoría de Estudos de Grao e Posgrao e da Vicerreitora de Persoal Docente e Investigador se delegan na Vicerreitora de Titulacións e Persoal Docente e Investigador.
  - A sinatura das resolucións e actos administrativos sobre as competencias do Vicerreitor de Extensión Universitaria, Cultura e Sociedade e do Vicerreitor de Estudantes e Formación Continua se delegan no Vicerreitor de Estudantes, Cultura e Formación Continua.
  - A sinatura das resolucións e actos administrativos sobre as competencias da Vicerreitora adxunta de Estudos de Grao e Posgrao se delegan no Vicerreitor de Coordinación e Planificación do Campus de Lugo.
3. A delegación de sinatura non alterará a competencia do órgano delegante, facéndose constar nas resolucións e actos que se asinen por delegación a autoridade de procedencia e os datos da presente resolución.

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2011

O Reitor

Juan José Casares Long

